



5º DE EDUCACION INFANTIL

CEIP FELICIANO BARRERA

XUSTIFICACIÓN

Este proxecto xurdiu a partir dun macroproxecto proposto pola biblioteca do centro para ser levalo a cabo por tódolos niveis do Centro: "O século xx". Cada nivel ao principio do curso elixiu unha década deste século, e a nosa aula elixiu a década dos sesenta, centrando o noso proxecto no primeiro viaxe á lúa.

O proxecto enmárcase dentro da área de "coñecemento do contorno". Nesta área preténdese que os nenos/as descubran, coñezan e comprendan os aspectos que conforman a realidade, e a lúa é un elemento importante da realidade dos nenos/as xa que a ven todos os días, non sempre ten a mesma forma, participa activamente en moitos contos que os nenos escoitan a diario, adoitan dotala de vida debido ao período cognitivo no que se atopan en infantil. Por outra banda, esta área tal e como cita o propio currículo de infantil na comunidade de Galicia recolle os contidos que potencian o desenvolvemento do pensamento lóxico a través dos cales a nena e o neno intentan interpretar e comprender o mundo, favorecendo as nocións de tempo, espazo, causalidade, cuantificación e a resolución de problemas que se presentan na súa vida cotiá. En resumo o tema da lúa pareceume moi interesante para tratar cos nenos xa que esperta en todos eles unha gran curiosidade, motivando e liberando a súa imaxinación ademais de que traballa obxectivos das tres áreas curriculares.

Este proxecto foi dirixido a 13 nenos de 5º de Educación Infantil, comezando a última semana do mes de Xaneiro e rematando a finais de maio.

O profesorado implicado foi:

- Titora de 5º de Educación infantil: Cristina Iturrioz Muñoz
- Equipo de bibliotecas: coordinadora M^a Victoria Freijedo Fernández, Elena Zúñiga Rial e Alba Amoedo Amoedo.
- Equipo de TICs: coordinador Jorge Agustín Vázquez Blanco , Bélen González Conde e Cristina Iturrioz Muñoz
- Profesora de Música : Alba Amoedo Amoedo.
- Titora de 2º de primaria: Diana Graña Caramés

CONTIDOS E COMPETENCIAS BÁSICAS

Os obxectivos traballados durante o proxecto fan referencia ás tres áreas:

- Coñecemento de si mesmo e autonomía persoal.
- Coñecemento do contorno.
- Linguaxes: comunicación e representación.

Ademais a LOE establece oito CCBs que orientarán e impregnarán o currículo de Educación Infantil.

Os contidos traballados neste proxecto contribuíron ao seu desenvolvemento. Son as seguintes:

1. Competencia en comunicación lingüística.
2. Competencia matemática.

3. Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico.
4. Tratamento da información e competencia dixital.
5. Competencia social e cidadá.
6. Competencia cultural e artística.
7. Competencia para aprender a aprender.
8. Autonomía e iniciativa persoal

	1	2	3	4	5	6	7	8
- Adquisición de confianza nas capacidades propias.							X	X
- Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.	X				X		X	X
- Hábitos elementais de orde, constancia e planificación nas tarefas diarias.					X		X	X
- Identificación das propiedades e características dos obxectos a través dos sentidos		X					X	
- Recoñecemento dos pasos necesarios para investigar sobre un feito: ideas previas, busca de información, contraste e resultados; aplicación dos mesmos.		X	X				X	X
- Fomento da curiosidade por investigar aspectos referidos no proxecto.		X					X	X
- Coñecemento e valoración doutras realidades			X				X	X
- Potenciación dunha actitude reflexiva e crítica ante o feito da primeira viaxe a lúa	X		X		X		X	X
- Identificación e valoración das diferentes personaxes relevantes da historia	X		X	X	X		X	X
- Interese pola vida dos astronautas	X		X	X	X		X	X
- Exploración de diferentes obxectos recoñecendo as súas funcións e usos cotiás.	X						X	X
- Toma de conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.		X					X	X
- Favorecemento do traballo colaborativo na procura dun fin común							X	X
- Coñecemento e emprego das distintas fontes de información: libros, xornais, enciclopedias, contos, internet,				X			X	X

	1	2	3	4	5	6	7	8
- Familiarización e emprego do vocabulario específico do proxecto nas situacións precisas.	X	X	X	X	X	X	X	X
- Coñecemento diferentes obras artísticas e dos seus autores						X	X	X
- Desenvolvemento dunha actitude crítica ante as obras de arte	X					X	X	X
- Potenciación da capacidade creativa a través das diferentes linguaxes de expresión.	X	X				X	X	X
- Fomento do uso das diferentes técnicas plásticas favorecendo a autoconfianza nas producións propias	X					X	X	X
- Achegamento á lingua escrita a través de distintos tipos de texto: contos, xornais, poesía...	X					X	X	X
- Coñecemento e utilización da voz e o propio corpo como instrumentos de expresión e comunicación, a través do canto de cancións.	X					X	X	X
-Emprego das TICs como ferramentas na procura de información, creación, expresión e comunicación.				X			X	X
- Fomento do uso da biblioteca como fonte de información e de pracer.					X	X	X	X

PUNTO DE PARTIDA DO NOSO PROXECTO E ACTIVIDADES MÁIS RELEVANTES

Como o proxecto xurdiu da biblioteca e non dos nenos/as, ideei a maneira de motivalos de cara a dito proxecto. Faleilles do proxecto do século XX, de que todos os nenos do cole o levarían a cabo e de que nos tocara un período deste século chamado "os anos sesenta" no que aconteceron moitas cousas. Buscamos en internet fotos dos acontecementos máis importantes da década e xuntos fomos véndoas. A reacción foi a que esperaba, quedaron impresionados coas imaxes da viaxe a lúa, dos foguetes, dos astronautas... Neste intre iniciouse o noso proxecto.

Como en todo proxecto, o primeiro que nos ocupou foi preguntarnos: "que sabemos?". Fun recollendo todo o que os nenos me contaban.

No segundo paso pregunteilles: "que queremos saber?", aquí saíron moitas cousas relacionadas coa lúa. Quedaba claro que non era a primeira vez que se facían preguntas sobre este tema.

E por último: "Onde buscamos?". Contestaron: "na casa, contos, libros, biblioteca, internet, ..."

O segundo paso foi poñer en práctica as diferentes fontes de información citadas por eles.

Mandamos unha nota ás familias, informando do noso proxecto e demandando a súa axuda na procura de información. Pola nosa parte, pregunteilles que que podiamos facer no cole e coincidiron que ir á biblioteca.

Alí pasamos varias sesións buscando nos contos que atopamos sobre o espazo, os planetas e mesmo a lúa. Moitas imaxes foron impactantes e comezaron a facer preguntas. Viron o choque de dous planetas e quixeron saber que era iso: “a creación da lúa”.

Buscamos nos ordenadores da biblioteca algún vídeo sobre a creación da lúa e vímolos alí mesmo, na pantalla do proxector. Tamén o atopamos nun conto.



Ese mesmo vídeo colgueino no blog de infantil. E cando xa comprenderon que foi o que segundo os astrónomos aconteceu, decidimos facelo con plastilina. Esta experiencia gustoulles moito e serviu para afianzar a súa aprendizaxe.

Máis tarde, tendo como referencia os contos e libros encontrados na biblioteca e materiais que mandaron das casas

sobre a lúa, fomos formando un panel con letras e pictogramas sobre as características da lúa. Esta maneira de traballar resultou moi interesante e non a abandonei durante todo o proxecto.



Este é o panel das características da lúx

Máis tarde eles quixeron facer a súa lúa, que logo se convertería na portada dos seus proxectos. Utilizamos plastilina branca e negra, mesturárona e coa parte de arriba dos pinceis fixeron os cráteres da lúa. Os mares negros conseguíronos coa plastilina negra sen mesturar de todo.

O seguinte paso foi crear un anaquiño de universo dentro da nosa aula. Quero resaltar que un punto clave neste proxecto foi o traballo cooperativo, moitas das actividades formuladas tiñan un fin común para todos os nenos/as. Gustoulles moito traballar xuntos e ver os resultados.



Ao longo do proxecto coñeceron diferentes pintores: Joan Miró, Vicent Van Gogh, Tárсила do Amaral. Ademais da importancia que ten este feito, foi tamén moi enriquecedor contar con diferentes materiais de traballo, útiles e soportes: esponxas, papel, cartón, cartolina, témpera sólida e líquida, rotuladores metálicos, acuarela, ceras brandas, xeso, ... E empregar diferentes técnicas: debuxo, pintura, collage, papel maché, amasado, modelado, ...

Por outra banda, e dado que os planetas e os foguetes lles chamaban moito a atención, utilicei a súa motivación para presentar-lles os seguintes corpos xeométricos: a esfera, o cono e o cilindro. Traballáronos a través dos sentidos, e mediante a anulación destes, mediante xogos, cubríronos de papel maché, pintáronos e por último foron capaces de recoñecer estas formas xeométricas en elementos que conforman a súa realidade.

Outro apartado do noso proxecto foi coñecer aos personaxes vinculados por un motivo ou outro a este proxecto. Comezamos con Galileo Galilei, investigando por internet e nas enciclopedias da biblioteca e chegamos a diferentes conclusións que logo recolleemos noutro panel. Ademais coñeceron e manipularon moitos e diversos obxectos que servían para ver a realidade máis grande e máis cerca: prismático, telescopio, microscopio, lentes e lupa.



Eu, con material de refugallo conseguín facer-lles un telescopio co cal xogaron moitas veces. Gustáballes ver a través del o campanario da igrexa.

Máis tarde foron coñecendo como foi "a carreira espacial" e as súas principais personaxes. Para eles foi como un conto onde ían aparecendo personaxes que facían cousas cada vez máis complicadas. O primeiro foi Laika, que me serviu de escusa para falar do coidado dos animais e as súas necesidades máis significativas, desenvolvendo neles sentimentos de respecto e coidado cara aos animais.

As seguintes personaxes foron Yuri Gagarin, Valentina Tereshkova, e Alexei Leonov, dos que os nenos e nenas se acordaban perfectamente a pesar dos nomes tan complicados que

teñen. Grazas ao emprego de xogos de relación e memoria, conseguimos acordanos de todos eles e de cales foron os seus logros e fazañas.

Con marzo chegou a conmemoración da semana da prensa. Ao longo desas dúas semanas coñecemos os xornais, como son, as seccións que teñen, como se elaboran, ... e tanto lles gustou, que decidín facer un xornal con eles. Reunímonos como fan os xornalistas para seleccionar as seccións que tería o noso xornal e logo fomos elaborándoas por grupos. Dende a biblioteca animáronnos moito para facelo. Ademais, tamén colaboramos cos demais nenos do cole nas actividades propostas dende a biblioteca para festexar a semana da prensa. Esta actividade serviulles como traballo de investigación, traballo cooperativo, posta en común, elección de conclusións, ...



Ademais desta conmemoración, o día 21 de Marzo foi declarado pola UNESCO día Mundial da poesía, e para celebralo cos nenos/as busquei un libro de poesía infantil que puidese ter relación co noso proxecto. Así, me atopei con que na cidade natal de Miguel Hernández, presentouse a obra premiada "Garigari" de M^a Jesús Jabato gañadora do "VI premio Internacional cidade de Orihuela de poesía para nenos". "Gorigori" consta de 48 poemas creados a partir de obras de grandes pintores dende o século de Ouro español ata os artistas máis contemporáneos do mundo. O noso poema preferido foi "Dice la luna", baseado na obra de Paul Klee "Lúa chea".

O primeiro día que a escoitaron fixemos unha posta en común do que pensaban que querían dicir as metáforas empregadas polo autor. Foi unha actividade moi bonita e creativa. Agradecemos á coordinadora da biblioteca do centro que puideramos contar con este libro tan bonito.



Chegados a este punto do proxecto os nenos demandaban foguetes, e o primeiro que debíamos descubrir é como son e por que voan os foguetes. Esta información atopámola nun conto da biblioteca. Eles mesmos aprenderon a buscar nos contos empregados ao longo do proxecto e a sacar as súas conclusións. Para probar as súas hipóteses formuladas enchemos un globo de aire para cada neno e soltárono pola



clase. Algún neno chegou á conclusión que se o aire saía para abaixo o globo ía recto cara arriba. <https://youtu.be/P94NI8k4rdg>



As familias tamén colaboraron unha vez máis, elaborando nas súas casa xunto cos nenos/as preciosos foguetes que colgamos no noso anaquiño de universo.

A partir de aquí centrámonos na primeira viaxe á lúa. Investigamos a data, as persoas que foron, como fixo o foguete durante todo o traxecto, ... e todos os acontecementos relevantes desta viaxe. Escribírono nos paneis e aprendérono xa que o narraban como se fora un conto acontecido hai moitos anos.



Unha gran experiencia foi facer as súas pegadas con xeso. Foi unha actividade complicada, dado que o xeso endurece en cuestión dun par de minutos. Tiven que facelo



traballando cos nenos e nenas de un en un, pero foi moi gratificante ver as súas caras cando viron as súas pegadas. Logo pintárona con témpera prateada.



Tiveron tempo tamén de ver e entender as fases da lúa. Primeiro observaron e anotaron a forma da lúa durante o mes de febreiro. Logo crearon un panel coas formas das fases e os seus nomes. Ademais fixen un xogo no que movendo para os lados a cartolina eles mesmos creaban as fases. E por último



fixen unha caixa máxica na que se podían observar as distintas fases da lúa. As súas reaccións foron de sorpresa. Dentro da caixa no

centro e colgada dun pau había unha lúa de polispán. A caixa tiña catro buratos, un en cada lado, ademais dunha lanterna debaixo dun dos buratos. Neste víase a lúa chea, no contrario a lúa nova e nos laterais cuarto crecente e cuarto minguante. Aos mestres de outros cursos gustoulles tanto a caixa que a pediron prestada para ensinala aos seus alumnos. Paga a pena ver os vídeos nos seguintes enlaces.

<https://youtu.be/vwFDq8OqJtI>

<https://youtu.be/BOqRgaGZA3E>

https://youtu.be/xQY_9smkIDU



Un exemplo de como os nenos entenderon o que acontecía coa lúa, a terra e o sol nas fases, foi que cando preguntei que era a lanterna dixéronme que era o sol e cando preguntei que onde estaba a terra respondéronme que eramos nós.

Esta caixa quedará na biblioteca para que os demais alumnos/as do colexio poidan gozar e aprender as fases da lúa con ela.

No Entroido decidimos que os disfraces tiñan que ter relación co noso proxecto e fixémoslos todos na aula, empregando sobre todo material de refugallo. Caixas de zapatos,



botellas plásticas, tubos, cascos de papel maché, goma eva, fundas de pintor, etc. Astronautas, foguetes, lúa e terra.



Deunos tempo a ver o que acontece nas eclipses, aínda que a estas alturas xa non facía falta. Eles foron quen de explicarmo a min.

Tamén lles falei da influencia da lúa nas mareas e, como están acostumados a xogar coa area na praia, entenderon perfectamente cando baixa e cando sube marea.

Por último, e grazas a Diana, mestra titora de 2º de primaria, pintamos o noso astronauta, que nos fixo pasar moitos momentos de ledicia. Está feito a tamaño real para os nenos e nenas.



RECURSOS UTILIZADOS E FONTES CONSULTADAS

Dende a biblioteca facilitáronnos moito a adquisición de libros de consulta e de contos relacionados co proxecto. Estes foron os máis utilizados polos nenos:

- El espacio al dedillo. Editorial Combel
- Espacio. El descubrimiento empieza con una palabra. Editorial Alhambra
- ¿Qué sabes del cielo? Editorial Everest
- Atlas del espacio
- El universo. Editorial mini Larousse
- Mi primer atlas El universo. Editorial Parramón
- Disney presenta el maravilloso mundo del conocimiento: el espacio
- Universo y planetas. Editorial la ebsia
- Descubramos el universo. Editorial elfos
- El gran libro de los planetas. Editorial Usborne
- La tierra y el cielo.

Ao longo destes meses contamos infinidade de contos relacionados co proxecto. Leo León, que é a mascota da nosa biblioteca, agasalounos co conto "Cosmo e a estrela perdida".

- A que sabe a lúa?
- Papá, por favor, consígueme la luna.

En internet consultamos moitas páxinas onde explicaban a creación da lúa, a creación dos cráteres da lúa, o vídeo musical de Laika por parte do grupo Mecano, os lanzamentos dos foguetes, os seus voos, a vida dos astronautas na estación internacional ... Ademais encontramos algunha película infantil. Estas son algunhas:

- <https://youtu.be/iaDqI405mss>
- <https://youtu.be/auO5TY593Kw>
- <https://youtu.be/nfXtqiRS64c>
- <http://www.cca.org.mx/cca/ninos/html/tomo1/77.htm>
- <https://www.youtube.com/watch?v=-LomheD9IsQ>
- <https://www.youtube.com/watch?v=v5u9GU20hvE>
- <https://www.youtube.com/watch?v=F8s--j1jgbY>
- https://www.youtube.com/watch?v=gHRrQIE_x3E
- <https://www.youtube.com/watch?v=p2FCi84wPNO>
- <https://www.youtube.com/watch?v=rKQ1-VVLAQA>

Nos diferentes blogs consultados tamén había moita información e cousas interesantes como a caixa das fases da lúa

- <https://ninoinfantil.wordpress.com/2014/03/11/luna-llena-las-fases-de-la-luna/>
- <http://trasteandoenmicasa.blogspot.com.es/2012/11/las-fases-de-la-luna.html>
- <http://tumeaprendes.com/tag/universo/>

Xogos educativos

- http://www.tudiscoverykids.com/juegos/ciencias/nivel_avanzado/planetas/
- http://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/gallery/Recursos%20Infinity/aplicaciones/astronomia/FWK_astronomia_primaria/index.html

IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA NO PROXECTO

A implicación da comunidade educativa foi moi grande e importante. A pesar de ser un proxecto levado a cabo por unha soa aula, foi coñecido e ás veces visitado por nenos doutros cursos, tanto de infantil como de primaria.

A coordinadora da biblioteca estivo en todo momento pendente de facilitarnos calquera tipo de material que nos fixera falta: contos, atlas, libros documentais. Ademais, no blog de Leo León (blog da biblioteca) colgaron un enlace ao noso proxecto. Así toda a comunidade educativa tiña acceso directo a este.

A biblioteca durante todo o curso estivo moi activa propoñendo actividades que puidemos relacionar e enlazar co noso proxecto, como foron as propostas para a semana da prensa, o día mundial da poesía, ... Pero a gran actividade, e moi importante para os nenos, foi a exposición do noso proxecto na biblioteca tendo como público ao alumnado de todo o colexio. Foi unha experiencia moi enriquecedora tanto para os nenos e nenas de 4 anos que fixeron a exposición, como para o alumnado dos outros cursos que estaba escoitando atentamente todo o que uns nenos tan pequeniños tiñan para contarlles

Por outra banda, grazas ao equipo de TICs e sobre todo ao seu coordinador, puxen en marcha un blog para as tres aulas de infantil. Cada unha delas ten o seu espazo. Nel está recollido todo o proxecto e as actividades máis relevantes do curso. Todos os problemas xurdidos ao longo do curso relacionados coas TICs foron resoltos satisfactoriamente.

A profesora de música axudounos a buscar música e a crear un baile para o Entroido. Ademais é a directora do centro e sempre estivo pendente e apoiando calquera iniciativa que xurdira relacionada co noso proxecto.

A titora de 2º de primaria, magnífica debuxante, fíxonos o astronauta que logo os nenos pintaron e que tanto xogo deu na clase.

Algunhas familias aportaron material interesante ao principio do proxecto: contos, documentación de internet, obxectos relacionados co proxecto, ...

DOCUMENTACIÓN ELABORADA PARA O ALUMNADO

Nos seguintes enlaces recóllese o traballo elaborado pola titora aos nenos. Este constitúe o proxecto dos nenos/as a través de fichas. Este material salvo algunha ficha de lóxica matemática, foi elaborado pola titora na súa totalidade, empregando contos, escaneando imaxes, elaborando textos, montando fichas...

Ademais, e grazas ao traballo cooperativo dos nenos, fixéronse os diferentes paneis que constituíron o proxecto e que foron fundamentais na exposición do traballo en tamén foron a base, xunto coas fotos das diferentes actividades, do conto final do proxecto. As dúas cousas pódense ver nas seguintes direccións:

<https://youtu.be/6zEsHwUGbtg>

<https://youtu.be/hrslgewrYiU>

DIFUSIÓN DO TRABALLO ENTRE A COMUNIDADE EDUCATIVA

A difusión do proxecto foi continua a través do blog de Educación Infantil:

<http://ostrasnosdegulans.blogspot.com.es/>

e a través do blog da biblioteca que ten un enlace directo co noso proxecto ademais de co blog:

<http://blogdeleoleon.blogspot.com.es/>

Ademais, como todos os demais proxectos do macroproxecto do Século XX, o noso traballo foi presentado e exposto na biblioteca para todo o alumnado e profesorado do centro. Aínda que a calidade non é moi boa, pódese apreciar o magnífico traballo realizado polos nenos/as do grupo tanto no que respecta á adquisición de coñecementos como á exposición dos mesmos. Está recollido en dous vídeos:

<https://youtu.be/dMDDzhtkkMo>

<https://youtu.be/j4YarpsdnEE>

Ese mesmo día, todos os nenos puideron ver unha película da historia do noso proxecto. Este é o enlace.

<https://youtu.be/G39oqx1u8co>

Por outra banda, na semana do 21 ao 28 de setembro, contaremos cun planetario cedido pola Caixa. Todos os nenos do colexio participarán de dita actividade.

AVALIACIÓN DO PROXECTO

Estes son os criterios de avaliación empregados ao longo do proxecto relacionados coas CCBB.

	1	2	3	4	5	6	7	8
- Identificar e expresar os propios sentimentos, vivencias e emocións	X				X		X	X
- Adquirir hábitos elementais de orde, constancia, esforzo no traballo diario					X		X	X
- Participar en actividades colectivas aceptando as normas que o rexen	X				X	X	X	X
- Participar activa nos proxectos propostos na aula	X	X	X	X	X	X	X	X
- Propoñer e resolver problemas sinxelos da vida cotiá	X	X	X				X	X
- Recoñecer os pasos previos para realizar unha investigación dun feito	X	X	X				X	X
- Expresarse e comunicarse, utilizando medios, materiais e técnicas propios das diferentes linguaxes artísticas e audiovisuais.	X				X	X	X	X
- Valorar as diferentes obras de arte	X					X	X	X
- Facer uso da biblioteca e valorarlle como fonte de información e pracer					X		X	X

Con relación ás CCBB, pódese afirmar que este proxecto contribuíu a estas, da seguinte maneira :

- Competencia en comunicación lingüística: día a día foi mellorando ao fomentar a participación, a expresión tanto de feitos como de sentimentos, emocións, ... Tamén se favoreceu a formulación de hipóteses e a busca de respostas en diferentes fenómenos.

- Competencia matemática: esta mellorouse empregando o razoamento lóxico para resolver situacións da vida cotiá que o requiran.

- Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico: mellorouse a través do pensamento científico e potenciando e desenrolando actividades de investigación: formulando hipóteses, verificando, predicindo, ...

- Tratamento da información e competencia dixital: o traballo de recompilación de datos sobre o proxecto e máis os vídeos e os xogos didácticos contribuíron a mellorar esta competencia.

- competencia social e cidadá: Esta competencia traballouse dende o punto de vista da convivencia, da comunicación, é dicir, dende o punto de vista das habilidades sociais.

- Competencia cultural e cidadá: Esta favoreceuse traballando diferentes manifestacións culturais, desenrolando actitudes abertas, críticas e respectuosas cara a elas.

- Competencia para aprender a aprender: Tráballouse mediante actividades que favoreceron a atención, memoria, observación, motivación, traballo cooperativo, recompilación de información mediante recursos tecnolóxicos, ...

- Autonomía e iniciativa persoal: Esta competencia traballouse a través da mellora da creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico.




FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA

Como xa quedou patente noutros puntos do proxecto, o papel da biblioteca no desenvolvemento do proxecto foi moi importante, xa que en todo momento contamos co seu apoio, e visitámola moi a miúdo, cousa que se converteu nunha rutina para os cativos. Aportou moito material como contos, libros de consulta, ... Algúns xa formaban parte da colección da biblioteca, pero outros mercáronse a propósito para este proxecto e incorporáronse aos fondos de esta.

As actividades desenvolvidas na biblioteca foron moi numerosas. Algunhas programadas dende a aula, como a lectura dun conto semanal, a elección do conto do fin de semana, busca de información do proxecto, ... E outras moitas programadas dende a propia biblioteca, como a exposición dos traballos dos proxectos, a exposición de traballos realizados para algunhas conmemoracións, actividades e concursos na semana da prensa, Samaín, letras galegas, Nadal,



A biblioteca é como un punto clave do colexio que sempre está en ebulición, sempre visitada polos nenos do todo o colexio e chea de boas ideas para compartir e buscando sobre todo que os nenos desenrolen o seu amor de cara aos contos e a literatura en xeral.

COMO É A LÚA?




A LÚA TEN FORMA DE:

CANTAS LÚAS CABERÍAN NA TERRA? 1 ----- 2 ----- 3 ----- 4 ----- 5 ----- 6




A LÚA XIRA O REDOR DA:




TEN LUZ


OU POLA LUZ DO SOL



A LÚA BRILLA PORQUE:

A LÚA E A TERRA



A  É O _____


DA  _____.

A _____ XIRA Ó REDOR DA  _____.

A _____ TARDA CASE UN MES EN DAR UNHA VOLTA

COMPLETA Á  _____.

A LÚA É MOI DIFERENTE Á TERRA




A LÚA É UNHA BÓLA DE _____ GRIS.

ESTÁ CHEA DE _____ E PO. NON HAI _____,

NIN _____ NIN NINGÚN SER VIVO.

A VIDA ALÍ É IMPOSIBLE.



ASÍ É A LÚA

ESCRIBE AS PALABRAS RELACIONADAS COA LÚA



CRÁTER

MAR


ROCHAS

ESFERA

ESCRIBE E DEBUXA COMO É A LÚA



A LÚA É _____





VERDADERO OU FALSO




A LÚA É O SATÉLITE DA TERRA _____	☐ V	☐ F
A LÚA TEN PO E MOITAS ROCHAS _____	☐ V	☐ F
A LÚA NON TEN AUGA _____	☐ V	☐ F
A LÚA TEN ATMOSFERA _____	☐ V	☐ F
NA LÚA PÓDESE RESPIRAR MOI BEN _____	☐ V	☐ F
NA LÚS HAI MOITA LUZ _____	☐ V	☐ F
NA LÚA NON HAI RUÍDOS _____	☐ V	☐ F
DURANTE O DIA VAI MOITA CALOR _____	☐ V	☐ F
DURANTE A NOITE VAI MOITA CALOR _____	☐ V	☐ F

DEBUXA UNHA PAISAXE DA TERRA E OUTRA DA LÚA



A ESFERA, O CONO E O CILINDRO


GRAZAS



AOS

CONCEMOS

A




E GRAZAS AOS




CONCEMOS

O







E O



A ESFERA










RODEA E COLOREA AS FIGURAS QUE TEÑEN FORMA DE ESFERA



O CILINDRO








RODEA E COLOREA AS FIGURAS QUE TEÑEN FORMA DE CONO




O CONO



RODEA E COLOREA AS FIGURAS QUE TEÑEN FORMA DE CONO



PERSOAXES IMPORTANTES




_____ GALILEI NACEU EN ITALIA EN _____


_____. INVENTOU UN _____

E CONSEGUIU VER OS CRÁTERES E OS MARES DA _____


COLOREA O TELESCOPIO



O TELESCOPIO



SERVE PARA MIRAR POR EL E OBSERVAR MÁIS DE CERCA AS



_____, A




_____.



OS

_____.





OS


_____.

COÑECEMOS DIFERENTES OBXECTOS PARA VER AS COUSAS MÁIS





GRANDES



DEBÚXATE A TI MESMO OBSERVANDO AS
ESTRELAS E A LÚA CO TELESCOPIO



RECORTA E PEGA DE MENOR A MAIOR



PEGA OS FOGUETES DE MENOR A MAIOR




LAIKA

NUN PAIS CHAMADO _____, EN _____,

TOMARON A DECISIÓN DE ENVIAR A PRIMEIRA NAVE _____

AO _____. PENSARON QUE FORA UNHA _____.




CHAMÁRONA _____. ESTA



VIVÍA NA RÚA. XA ESTABA

AFEITADA ÁS TEMPERATURAS EXTREMAS E Á FALTA DE COMIDA.



ADESTRÁRONA DURAMENTE DURANTE UN _____.

POR FÍN A NAVE DESPEGOU CON



_____ DENTRO.

DIRIXÍANA DENDE A



_____.


A NAVE DEU _____ VOLTAR Ó REDOR DA



_____.

GRAZAS A LAIKA O PRIMEIRO HOME PILOTOU UNHA NAVE 4 ANOS


MÁIS TARDE.




DEBUXA Á PERRITA LAIKA NA NAVE
ESPACIAL



CAL FOI O PRIMEIRO SER VIVO QUE VIAXOU
AO ESPAZO?





"LUNA LLENA" PAUL KLEE

DICE LA LUNA

DICE LA LUNA, DICE
 QUE ESTÁ CANSADA
 DE ESTAR QUIETA EN EL CIELO,
 SOLA Y CALLADA,
 DICE LA LUNA, DICE
 QUE YA NO AGUANTA
 SU REFLEJO EN EL RÍO,
 NÁCAR EN AGUA,
 DICE LA LUNA, DICE
 CON VOZ DESCALZA
 QUE ESTÁ SEDIENTA DE SOLES
 Y DE MAÑANAS,
 DICE LA LUNA, DICE
 NO DICE NADA,
 QUE LA LUNA ES SILENCIO
 BLANCO Y HELADA,
 BLANCO SILENCIO,
 LA LUNA CALLA.


(MARIA JESÚS JABATO)




PERSONAXES IMPORTANTES



O PRIMEIRO SER VIVO QUE VIAXOU AO ESPAÇO EN _____



FOI _____



O PRIMEIRO ASTRONAUTA EN EXPLORAR O ESPAÇO EN _____




FOI _____



A PRIMEIRA MULLER EN VISITAR O ESPAZO EN _____

FOI







O PRIMEIRO HOME EN DAR UN PASEO ESPACIAL EN _____

FOI




RECORTA E PEGA DE MAIOR A MENOR



PEGA OS ASTRONAUTAS DE MAIOR A MENOR



A ESTACIÓN INTERNACIONAL




PARA COÑECER O ESPAZO OS _____


CONSTRUIRON UNHA ESTACIÓN ESPACIAL.
_____, DORMEN E TRABALLAN NELA.

A LIMPEZA CORPORAL NO ESPAÇO

VIVIR NUNHA




É COMO VIVIR NO DESERTO



POLA


FALTA DE AUGA.

A _____ DA




CHEGA DA TERRA NUNHA NAVE E SERVE


PARA PREPARAR A



_____ E A



OS




LÁVANSE CON



HÚMIDAS.

NO BAÑO NON HAI AUGA SENON CORRENTES DE _____ QUE
ASPIRAN TODO.

DURMIR NO ESPAZO



OS ASTRONAUTAS DORMEN EN SACOS DE

_____ ENGANCHADOS

Á PAREDE PARA QUE NON FLOTEEN POLA


_____.

LEVAN TAPÓNS NOS _____

POLO GRAN RUÍDO, E ANTIFACE NOS

_____ PORQUE SEMPRE HAI LUZ NA ESTACIÓN.

COMO FUNCIONA UN FOGUETE?



- 3º.-A TERCEIRA ETAPA TRANSPORTA

AOS ASTRONAUTAS Á _____

- 2º.- NA SEGUNDA ETAPA O FOGUETE

LEVA AOS ASTRONAUTAS AO

_____ EXTERIOR.

1º.- NA PRIMEIRA ETAPA O DEPÓSITO



DO COMBUSTÍVEL BALEÍRASE E

SÓLTASE DO _____



- 5º.- A CÁPSULA É TRANSPORTADA
Á ÓRBITA _____

- 4º.- O MÓDULO DE MANDO XIRA E
SACA O MÓDULO _____
DA TERCEIRA ETAPA.



COMO FUNCIONA UN FOGUETE?



OS _____ FUNCIONAN COMO UN _____

PICADO: EXPULSAN _____ QUENTES PARA SER LANZADOS

AO ESPAZO.



A PRIMEIRA PISADA HUMANA NA LÚA



O _____ DE _____ DE _____, O COMANDANTE DA MISSÃO



_____, NEIL ARMSTRONG,



BAIXOU DO MÓDULO LAR, TRANSFORMÁNDOSE NO PRIMEIRO HOME EN

PISAR A _____.



A TRIPULACIÓN DA MISIÓN APOLO 11



- NEIL ARMSTRONG, O COMANDANTE DA NAVE, FOI O

PRIMEIRO _____ EN PISAR A _____.



- EDWIN ALDRIN, FOI O PILOTO DO






_____ LUNAR.

- MICHAEL COLLINS, FOI O _____



DO MÓDULO DE MANDO.


QUE DEIXARON OS PRIMEIROS HOMES NA LÚA?



EN QUE ANO PUXO O PRIMEIRO HOME

O PÉ NA LÚA?

PINTA A BANDEIRA VERDADEIRA DE COR VERMELHA.



O REGRESO Á TERRA



SÓ REGRESA Á _____


A CÁPSULA. OS PARACAIDAS

REDUCEN A VELOCIDADE.

A CÁPSULA PÓUSASE NO MAR




E UN _____

RECOLLE AOS ASTRONAUTAS,

























LABIRINTO




LUNA

CALENDARIO DA LÚA MES DE FEBREIRO

AS FASES DA LÚA




A LÚA ESTÁ CRECENTE
POUCO A POUCO MEDRA



A LÚA ESTÁ CHEA
CHEA COMO UNHA ESFERA



A LÚA ESTÁ MINGUANDO
VAISE FACENDO PEQUENA



A LÚA PARECE QUE NON ESTÁ.
DÁLLE AS COSTAS AO SOL





PINTA AS LÚAS E O FOGUETES QUE SEXAN IGUAIS QUE OS MODELOS


DERECHA



IZQUIERDA









FACEMOS ESTRELAS

1° | 2° — 3° / 4° \






AS ECLIPSES



ECLIPSE DE ____ A ____ PONSE ENTRE O ____ E A ____




ECLIPSE DE ____ A ____ PONSE ENTRE O ____ E A ____


POR QUE SE PRODUCEN AS MAREAS?


AS MAREAS PRODÚCENSE POLA
ATRACCIÓN DA LÚA SOBRE A TERRA.
ATRAE A SUPERFICIE DOS OCÉANOS.
A AUGA SUBE. É A MAREA _____

CANDO A TERRA E A LÚA CAMBIAN DE
POSICIÓN, ESTA FORZA DEBILITASE.
A AUGA BAIXA: É A MAREA _____








ISTO ACONTECE DÚAS VECES AO DÍA.








SUMAMOS AS LÚAS






REALIZA LAS SIGUIENTES SUMAS



+





=




+




=




REALIZA LAS SIGUIENTES SUMAS



+



=




+




=




REALIZA LAS SIGUIENTES SUMAS




+





=




+





=











REALIZA LAS SIGUIENTES SUMAS




						
						






REALIZA LAS SIGUIENTES SUMAS

     +    =  


   +  =  

REALIZA LAS SIGUIENTES SUMAS







REALIZA LAS SIGUIENTES SUMAS



+




=



+



=







REALIZA LAS SIGUIENTES SUMAS



+



=



+



=






REALIZA LAS SIGUIENTES SUMAS




+



=



+



=

